



Estimados nais e pais ou titores:

Xoves, 22 de Nadal, rematan as clases deste primeiro trimestre do curso. O alumnado voltará para a casa á hora habitual (15:30 horas) Infantil/Primaria e (17.40 horas) Secundaria; as clases reiniciaránse o luns, 9 de xaneiro de 2023.

Nestas datas van recibir o Boletín Informativo (Infantil/Primaria), o mesmo tempo que se enviarán por Abalar, sobre o rendemento académico da súa filla ou fillo neste 1º trimestre do curso, os alumnos/as de Secundaria xa remataron a primeira avaliación o pasado mes de novembro 2022. O boletín de notas que reciben é para vostedes. Asinen a parte de abaixo do boletín, recórtena e, segundo as indicacións da titora ou titor, mándena polo seu fillo ou filla, en xaneiro.

É moi importante que a información que se lles comunica sexa ben entendida e valorada por vostedes polo que compre que a completen comentándoa coa titora ou titor.

SEGURO ESCOLAR

O seguro escolar de accidentes e de responsabilidade civil, que son voluntarios para tódalas familias, contrátase para o ano 2.023 coas compañías “Allianz” e “Helvetia”, respectivamente, e cubre os danos que se produzan na escola ou nas actividades complementarias e extraescolares. O custo conxunto do seguro é de **12,50 € por alumna /o**.

Se acepta o Seguro escolar, págueo, se lle é posible antes do 31 de xaneiro de 2.023, na seguinte conta:

A BANCA, ofic.de Campo: conta nº. ES61 2080- 0331- 44- 3040002268

Coberturas:

A.- Por accidente: asistencia médica e hospitalaria sen límite.

Por invalidez : 3.000 € . Por defunción: 1.500 €.

Traslado en ambulancia se fose necesario.

B.- Responsabilidade civil: 150.000 €. A Responsabilidade Civil refírese aos danos causados a persoas alleas ou aos bens delas.

SE DECIDEN NON APUNTARSE AO SEGURO ESCOLAR, COMUNÍQUEO A DIRECCIÓN, ANTES DO 15 DO MES DE XANEIRO DO 2.023. É moi importante que comunique se NON se apunta ao seguro.

Desexámoslles un agarimoso Nadal e bo aninovo 2023.

Saúdaos atte., no nome de toda a Comunidade Educativa, o director.

Saúdaos atentamente en

Trazo, a 19 de decembro de 2023

O Director
José Ramón Rey Figueira